



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE MARZO DE 2018**

### **FAVORABLES.-**

**LIC/793/2016.- RIOS SANCHEZ E HIJOS PROMOCIONES, S. L.-** Conceder licenza para rehabilitación de baixo comercial e vivenda en primeira planta, ampliación de tres plantas e aproveitamento do baixo cuberta na rúa Montero Ríos nº 13.

**LIC/1922/2017.- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S. L.-** Conceder licenza de obras para demolición parcial de edificio situado na rúa Codeseira de Vidán nº 40.

**LAP/6/2017.- GASOLINAS LUBRIFICANTES REPUESTOS S. A.-** Conceder licenza de obras para ampliación de tenda na estación de servizo de combustibles dunha edificación de planta baixa sita na rúa de Muros nº 184.

**LIC/384/2013.- MARIA JESÚS IGLESIAS CAO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar na rúa da Torreira de Arriba nº 44.

**LIC/1402/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS HOME SANTO, 39.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para obras de reforma para a instalación dun ascensor no edificio sito na rúa do Home Santo nº 39.

**LIC/746/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SENRA 8-10.-** Conceder licenza para obras de mellora da accesibilidade do edificio de vivendas e locais comerciais situado na rúa da Senra nº 8-10.

### **RECTIFICACIÓN DE ERRO.-**

**LAP/125/2016.- SEMPRE EN GALIZA PROMOCIONES INMOBILIARIAS, S. L.-** Rectificar o erro cometido na resolución da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2018 e estimar o recurso de reposición interposto contra o acordo de concesión de licenzas de obras da Xunta de Goberno Local de data 08/12/2017.

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a rehabilitación de baixo comercial e vivenda en primeira planta, ampliación de tres plantas e aproveitamento do baixo cuberta na rúa Montero Ríos nº 13. LIC/793/2016.** Apróbase a proposta.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para demolición parcial de edificio situado na rúa Codeseira de Vidán nº 40. LIC/1922/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para ampliación de tenda na estación de servizo de combustibles dunha edificación de planta baixa sita na rúa de Muros nº 184. LAP/6/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar na rúa da Torreira de Arriba nº 44. LIC/384/2013.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para obras de reforma para a instalación dun ascensor no edificio sito na rúa do Home Santo nº 39. LIC/1402/2017.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras de mellora da accesibilidade do edificio de vivendas e locais comerciais situado na rúa da Senra nº 8-10. LIC/746/2017.** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación do erro cometido na resolución da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2018 e estimación do recurso de reposición interposto contra o acordo de concesión de licenzas de obras da sesión de 08/12/2017. LAP/125/2016.** Apróbase a proposta.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade dando conta da corrección de erro no acordo da sesión de 5.3.18, aprobatorio das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións na área de rexeneración e renovación urbana do Casco histórico, barrio de Vista Alegre, grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do barrio de Pontepedriña, e barrio de Vite ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016.** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi nº 145, da titularidade de D. José Manuel Martínez Nieto, a favor de "Hdros. Mtnez. Nieto CB".** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi nº 22, a favor de D. César Valeiras Jiménez, por defunción do seu pai, D. Perfecto Valeiras Sánchez, titular legal da mesma.** Apróbase a proposta.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á prórroga do contrato de alugueiro de local na parroquia de Barciela para uso como centro sociocultural.** Acórdase a prórroga do contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de abril de 2018 ata o 31 de marzo de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 551,30 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.** Apróbase a proposta.

**86.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á regularización da situación tributaria no IVTM, eliminando o beneficio fiscal do 100% a partires do padrón de 2018.** Apróbase a proposta.

**87.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha solicitude de bonificación no imposto sobre bens inmobilés para un ben de natureza rústica.** Apróbase a proposta.

**88.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencions nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.** Apróbase a proposta.

**89.- Proposta da Alcaldía dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural 2017.** Dase conta

**90.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo dando conta dunha corrección de erro no punto 27 da sesión de 15.12.17, de xustificación do convenio entre o Concello e a Fundación USC Deportiva para o programa "VERÁN CAMPUSC 2017: Módulo específico de actividades de ocio e tempo libre 2017".**  
Dase conta.

## URXENCIAS

**1.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación “Acondicionamento interior do Castelo da Rocha” a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación perante a Autoridade de Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible.** Apróbase a proposta.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da programación do I Festival de poesía “Alguén que respira-Poesía para corpo Principal.** Apróbase a programación, cun orzamento de 27.315 euros.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio do expediente para a resolución do contrato coa empresa Construcciones RAFER SL para a execución das obras de reparación da rúa Pedreira e anexos.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato á empresa Obras y Viales CERNE SL.** Acórdase o inicio do expediente por incumprimento do contrato das obras de mellora e rehabilitación de pavimentos en viarios das parroquias de Santa Cristina de Fecho, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS 2016). Segundo o informe emitido a 1 de marzo, os traballos están sen finalizar ou defectuosamente executados transcorrido o dobre do prazo fixado no contrato, que era de catro meses.

**5.-Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade, Mercados e Benestar Animal relativa á desestimación do recurso de reposición presentado pola empresa Obras y Pavimentos Especiales SA contra as condicións de licitación das obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.** Acórdase a desestimación do recurso.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio de expediente para a resolución do contrato subscrito coa empresa Construcciones Taboada y Ramos SL para a execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexos (POS 2015).** Apróbase a proposta

**7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á modificación da cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares de aplicación á licitación das obras de reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro. Fase I.** Acórdase modificar a cláusula, que pasará a reflectir a esixencia da seguinte clasificación para o contratista: Grupo G subgrupo 6 categoría 4.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da memoria da XVIII Campaña de Animación á Lectura.** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade, Mercados e Benestar Animal relativa á aprobación da programación e actividades resultantes dos Orzamentos Participativos.** Apróbase a programación, cun orzamento de 100.000 euros.